

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

Sala do mar.

1. O xeito é unha rede coa cal podemos pescar un tipo de peixe, como se chama ese peixe?

- Peixe sapo
- Robaliza
- **Sardiña**

O xeito é unha rede das chamadas "de enmalle", que forman unha especie de muro no que só quedan atrapadas as sardiñas adultas, pois os buratos da rede teñen o tamaño xusto para pescalas e deixar que pasen as crías.

2. A traíneira é unha embarcación que se move?

- A vela
- **A remo**
- A motor diesel

A traíneira é unha embarcación que se usou maioritariamente para a pesca da sardiña por todo o mar Cantábrico e tamén polas nosas costas bañadas polo océano Atlántico.

Hoxe en día xa non ten o seu uso antigo, pero ten outro! A competición deportiva nas que se usan traíneiras adaptadas, máis lixeiras que a que vedes na sala.

Sala de oficios.

1. Sabiades que hai oficios con linguas segredas? Un dese oficios é o de traballar a pedra, a canteiría. Cal é a súa llingua?

- Cavaco
- Barallete
- **Arxina**

Os oficios ambulantes tiñan "verbos", "falas", "latíns" que só podían coñecer as persoas que formaran parte dese oficio. Servían para gardar ben os segredos do seu traballo e tamén para sentirse parte dun grupo. O cavaco é do oficio da tellaría, o barallete de quen afían e "arxina" significa: ar-pedra, xina-preparar, é dicir, quen prepara a pedra: canteiros e canteiras!

2. Como se chama a carpintería especializada en facer barcos?

- De taller
- **De ribeira**
- Zoqueiros

O mesmo que acontece entre pedreiros e canteiros, pasa entre serradores e carpinteiros. Os serradores proporcionaban a materia prima no oficio da carpintería. Este ten moitas especializacións dependendo do que fabricasen e da madeira que traballasen: de taller para quen fabrica mobles; zoqueiros e zoqueiras son quen fan calzado de madeira (normalmente de árbores de ribeira) como zocos ou zocas; na carpintería de ribeira fabrican barcos, a madeira principal é a de carballo, aínda que tamén se usa o castiñeiro ou piñeiro. Seu nome deriva do lugar onde traballan, na ribeira do río ou do mar.

Sala do campo.

1. Co resto da uva producimos?

- Viño
- **Augardente**
- Ningunha das dúas

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

O resto das uvas (pel, carabuñas e ramas) que sobra despois de producir o mosto do viño chámase “bagazo” e ometéndoo a un proceso de destilado extráese a augardente.

2. Cal dos seguintes produtos se cultiva na terra de pouca calidade?

- O millo
- O trigo
- O centeo

Ambos os tres son os cereais máis cultivados en Galicia, pero o centeo tivo unha enorme importancia no pasado, debido a súa capacidade de adaptación a condicións pouco favorables ou climas fríos.

Sala de Cestería.

O culeiro é un tipo de cesto que se usa:

- Para transportar peixe
- Para levar auga ou viño
- Para transportar uvas

O cesto culeiro usouse nas tempadas de vendima en zonas como a Ribeira Sacra, onde a plantación das viñas faise en terreos de moita pendente, organizándoo en socalcos. Para carretar a uva desde as viñas até os carros situados nas partes altas do terreo, usaban este tipo de cestos.

Sala de Olaría.

Cal das cores da cerámica credes que non é a natural do barro?

- A amarela/ocre.
- A vermella
- A negra.

As cores naturais da arxila en Galicia son a amarela, vermella e branca, aínda que esta última non é de calidade para modelar, por iso non observamos cacharros brancos. O seu aproveitamento é para colorear as outras arxilas. A cor negra ven do proceso de cocción. Cando os cacharros se cocen en fornos abertos (como os da zona de Gundivós) adquiren a cor do afumado. Si se cocen en fornos pechados con cheminea, tamén poden coller a cor negra pero é máis doada de limpar posteriormente.

Sala do Indumentaria.

De que material está feito o Sancosmeiro?

- Colmo de centeo
- Liño
- Palla de trigo

Moita da roupa que vedes na sala está confeccionada con materiais de orixe vexetal.

Os sancosmeiros fanse coa palla do trigo, mentres que a corozza (o chufasqueiro da sala) faise con xuncos ou o colmo do centeo. Moita da roupa branca que vedes na sala, como as camisas, están feitas de liño, unha planta que se transforma en fío e que foi de grande importancia para a economía galega.



Sala de Música.

Buscade un texto onde se fala de canto. Cal é o canto que se fai nas vodas?

- Arrollo
- Regueifa
- Alalá

A regueifa é un canto que se facía nos casamentos. Dúas persoas competían cantando para gañar o dereito de repartir un bolo de pan (chamado regueifa) entre as persoas convidadas. Competían improvisando coplas e perdía quen non era quen de improvisar unha copla. É algo parecido ás "batallas de galos" do Rap. Hoxe en día "regueifamos" en calquera lugar, non fai falla que sexa nunha voda. O que fai falla é que as persoas que regueifan rimen o 2º e o 4º verso. Un exemplo que vos botamos:

Estas xentes polo Museo / andiveron a buscar / unha chea de preguntas / que agora van solucionar. Respondédesnos? ;)

Sala de Sociedade

1. Que nome lle damos a un grupo de casas asentadas nun lugar?

- Aldea
- Parroquia
- Comarca
-

Un grupo de casas asentada nun lugar con nome propio é unha aldea. É unha unidade xeográfica porque ten límites propios, e unha unidade social, porque a veciñanza síntese parte dun grupo a través de traballos cooperativos, de ritos ou de festas.

O conxunto de aldeas conforma a parroquia. A comarca comprende varios concellos relacionados por compartir características físicas (orografía, clima...) ou sociais como por exemplo as feiras.

2. Fixádevos no apartado do Tempo Cíclico. Cal é a festa que se asocia ao solsticio de verán?

- Os maios
- O S. Xoán
- O Nadal

A sociedade tradicional organizaba o tempo de maneira cíclica, dependendo do movemento da terra arredor do sol. As marcas temporais para organizar este tempo circular eran as festas, asociadas a momentos concretos deste tempo cíclico. É por iso que tradicionalmente os meses coñécense co nome da festa máis popular ("No mes de S. Xoán a sardiña molla o pan", "pola Santa Lucía medran os días", "polo S. Miguel, uvas ao tonel").

O momento no que sol se atopa máis preto do noso hemisferio (está situado no norte) é o solsticio de verán. É o día máis longo do ano, a partir de aí, os días irán mingando seguindo a rotación da terra. A celebración deste día é o S. Xoan.

No camiño cara o solsticio de inverno (o día máis curto do ano e que o sol está máis lonxe do noso hemisferio, máis ao sur), cando o día e a noite teñen a mesma duración (é dicir, cando o sol está situado na liña do ecuador), estaremos no equinoccio de outono, onde celebramos os magostos. O solsticio de inverno cadra cos festexos do Nadal. No camiño do solsticio de inverno cara o de verán, pasaremos polo equinoccio de primavera, que adoitamos celebrar cos maios.

8. Sala de arquitectura.

1. Buscade nas fotos unha construción circular que serve para protexer as colmeas. Como se chama?

- Pombal
- **Alvariza**
- Fornada

As alvarizas son muros altos e circulares de pedra que protexen as colmeas principalmente dun animal larpeiro... o oso! Por iso é común velas polas zonas oseiras, é dicir, polas montañas máis orientais, próximas a Asturias e León.

2. De que zona é típica a Palloza?

- Do litoral
- **Da montaña**
- Da Terra Chá

Lembrades a corozza? O chuvasqueiro de "palla"? Pois aquí tedes o exemplo de que os teitos tamén se facían do mesmo material, normalmente de colmo, polo seu carácter impermeable.



MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

Sala do Mar.

1. A nasa é un arte de pesca que serve para capturar?

- Nécoras
- Polbos
- **Nécoras e polbos.**

Parece un cesto, verdade? Pero non, é un arte de pesca que se leva usando centos de anos para pescar polbos e algúns crustáceos como a nécora. O truco está no burato de entrada, que cada vez se fai máis estreito e polo que poden entrar, pero despois non dan dado a volta e non poden saír.

2. As redeiras facían a rede de cânabo ou algodón. Para endurecelas cocíanas coa casca de:

- Piñeiro
- Salgueiro
- **Ambos**

O proceso de encascado consiste en ferver con auga a casca do piñeiro ou do salgueiro para endurecer as velas ou as redes coa resina destas árbores. De aí que despois de facer este proceso adquiran cores avermelladas.

Sala dos Oficios.

1. En cal destas zonas hai minas de ferro?

- Porriño (Pontevedra)
- **O Incio (Lugo)**
- Lousame (Coruña)

As minas de ferro atópanse na zona oriental de Galicia, en lugares como o Incio, Portomarín ou o Courel.

A zona do Porriño é rica en pedra granítica coñecida como “granito rosa”, mentres que en Lousame houbo minas de wolframio, usadas durante a II Guerra Mundial para a fabricación de armas.

2. Con que enerxía conseguen mover o mazo, mecanismo usado nas ferrerías para laminar o ferro?

- Eólica
- **Hidráulica**
- Tracción animal

O mazo é como un martelo xigante activado grazas a forza da auga dos ríos, igual que o mecanismo dos mufños ou dos batáns.

Sala do Campo.

Cal dos seguintes produtos se cultiva na terra de pouca calidade?

- O millo
- O trigo
- **O centeo**

Ambos os tres son os cereais máis cultivados en Galicia, pero o centeo tivo unha enorme importancia no pasado, debido a súa capacidade de adaptación a condicións pouco favorables ou climas fríos.



1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓNS

2. Hai dous tipos de xugo (parte dianteira dun carro). Mirade no mapa onde explica as zonas onde se usa cada un. O de mulida é típico de:

- Coruña
- Ourense
- Ambas

O xugo de mulida átase aos cornos do animal, mentres que o de canga suxeitase polo pescozo. O de mulida é típico de zonas montañosas, como as da montaña ourensá, para evitar esganar aos animais.

Sala de Cestería.

O culeiro é un tipo de cesto que se usa:

- Para transportar peixe
- Para levar auga ou viño
- Para transportar uvas

O cesto cueiro usouse nas tempadas de vendima en zonas como a Ribeira Sacra, onde a plantación das viñas faise en terreos de moita pendente, organizándoo en socalcos. Para carretar a uva desde as viñas até os carros situados nas partes altas do terreo, usaban este tipo de cestos.

Sala de Olaría.

Cal das cores da cerámica credes que non é a natural do barro?

- A amarela/ocre.
- A vermella
- A negra.

As cores naturais da arxila en Galicia son a amarela, vermella e branca, aínda que esta última non é de calidade para modelar, por iso non observamos cacharros brancos. O seu aproveitamento é para colorear as outras arxilas.

A cor negra ven do proceso de cocción. Cando os cacharros se cocen en fornos abertos (como os da zona de Gundivós) adquiren a cor do afumado. Si se cocen en fornos pechados con cheminea, tamén poden coller a cor negra pero é máis doada de limpar posteriormente.

Sala de Indumentaria.

En Galicia realízanse labores de encaixe, en cal das seguintes zonas se concentra maioritariamente a súa comercialización?

- En Muxía
- En Camariñas
- En Noia

Moitas veces cando escoitamos falar do encaixe relaciónase con Camariñas, verdade? Os traballos de encaixe fanse por toda a costa galega pero, para levalos dun lado a outro, concentrábanse maioritariamente en Camariñas, por iso levou a sona!

1...2...3...

MUSEO EN TEST!

SOLUCIÓN

Sala de música.

Que instrumento non ten parte de procedencia animal?

- Gaita
- Pandeireta
- **Chifre**

O chifre é unha frauta de pan feita de madeira, normalmente de buxo, usada por oficios ambulantes como afiadores para avisar da súa chegada. Moitas veces dásele forma triangular, con decoración equina. Este instrumento asóciase a oficios ambulantes, como o de afiar coitelos e arranxar paraugas, que anunciaban a súa chegada a través deste peculiar son.

A gaita, antigamente contaba co fol de tripa, e a parte percutiva da pandeireta é de pel de cabra.

Sala de sociedade.

Para que credes que as casas teñen obxectos tales como a figura dunha virxe ou unha ferradura?

- Por costume
- Para decorar
- **Para protexer**

Son "amuletos" que serven para protexer simbolicamente, neste caso, a casa. Poden usarse elementos relacionados coa relixión ou outros como a ferradura que serve para protexer os pezuños dos animais.

2. Apartado de crenzas e saberes. Que usan as persoas como amuletos de protección?

- Toxos
- Cornos de vacaloura
- **Ambas**

Ademais de elementos relacionados coa relixión católica, a sociedade usa amuletos de orixe natural, que a súa vez son armas de protección na natureza, como os pinchos dos toxos ou os cornos das vacalouras.

Sala de arquitectura.

Como lle chamamos á construción anexa a casa que serve para gardar ferramentas, apeiros, colleitas...?

- Hórreo
- **Alpendre**
- Adega

Os apendres son construcións adxectivas da casa, igual que os hórreos, as adegas, etc que serven para gardar útiles, colleitas e todo aquilo preciso para o día a día da casa. Adoitan ser amplos e con algún lateral aberto e acollían encontros festivos (seráns, foliadas) nos que celebrar o remate dalgún traballo no campo.

O hórreo (tamén chamado canastro, cabazo, cabaceiro...) serve para gardar e manter as colleitas de cereal (principalmente o millo) e a adega, situada a un nivel máis baixo da casa, para conservar fesco principalmente o viño.

2. Na zona de Lugo que tipo de pedra se usa na construción das casas? Fixádevos no mapa!

- **Xisto**
- Gra (granito)
- Ambas

Ademais do granito, que é con diferencia o material máis utilizado nas construcións populares galegas, tamén se utilizan pedras como o xisto e a pizarra sobre todo na zona oriental galega.

